	B4.3	Elaboración de informes expositivos elementais e breves organizados nunha estrutura básica e prestando atención as estruturas sintáctico-discursivas deste tipo de texto.				
		<b>Estes catro bloques de contidos avalíanse sistematicamente en todas as unidades didácticas.</b>				
	<b>B.5</b>	<b>Coñecemento da lingua e consciencia intercultural e plurilingüe</b>				
	B5.1	Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos.				
	B5.2	Patróns gráficos e convencións ortográficas.				
	B5.3	Aspectos socioculturais e sociolingüísticos.				x

U N I D A D E D I D	Ide ntifi caci ón do cont ido (* )	Contido (*)	Ref eren cia unid ade	Tempor ali-zaci ón	Pr ob as av ali ación
--	--	-------------	-----------------------------------	--------------------------	--------------------------------------

	ÁCTIVA										
		B5.4	Plurilingüismo. Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.								
		B5.5	Funcións comunicativas								
		B5.6	Léxico oral e escrito básico de uso común relativo a aspectos culturais variados.								
		<b>B5</b>	A continuación figuran os <b>contidos sintáctico-discursivos</b> correspondentes a cada unidade didáctica e incluídos no Bloque 5.								
1ª Av.	Temao	B5.1	Revisión dos sons en xeral.	Unidade 1, 2,3	Set.	6					
		B5.2	Revisión de: presente de subxuntivo; pronomes CD, CI; expresión da concesión e da finalidade.								
		B5.3	O retorno aos estudos.								
		B5.4	As vacacións.								

	UNIDADE DIDÁCTICA	Identificación do contido (*)	Contido (*)	Referencia unidade	Temporalización		Pruebas de avaliación
					Me s	Número de sesións	
		B5.5	Expresión de relacións lóxicas: adición ( <i>não só...como também; não só... também; além disso; nem sequer</i> );				

		<p>disxunción (<i>ou, ou...ou</i>); oposición/concesión (<i>mas, mesmo assim, embora</i>; porém, no entanto; apesar de); causa (<i>por causa disso</i>; por causa de; <i>daí que</i>; devido a; por consecuencia); finalidade (<i>para + Inf.; para que</i>, a fim de que); comparación (<i>mais/menos/tão/tanto + Adj./Adv./Subst. + (do) que/como/quanto</i>, como se; bastante menos cansado; muito mais raro; resultado (<i>assim, portanto</i>); resultado/correlação (tão...que, tanto...que).</p> <p>Expresión superlativo relativo (p. ex., <i>o rapaz mais distraído da turma</i>); superlativo absoluto (p. ex. -errimo); futuro; a comparación; os presentativos.</p>				
	B5.6	Léxico relativo ás vacacións.				
Te m a 1	B5.1	Correspondencia entre grafías e fonemas.	Unid ade 4	Ou t	12	
	B5.2	Planificación dunha viaxe; expresión de preferencias; dar e comprender informacións turísticas; facer unha reserva por teléfono; confirmar, por escrito, unha reserva.				
	B5.3	Preparación dunha viaxe.				
	B5.4	Vocabulario básico para viaxar a outro país.				
	B5.5	Expresión temporal: situación no tempo, posterioridade, anterioridade e duración.				
	B5.6	Expresión da condición (conectores: <i>se, sem, desde que...</i> ; formas verbais: <i>futuro de indicativo e de conjuntivo, simples e composto, pretérito e pretérito-mais-que-perfeito composto do conjuntivo, condicional simples e composto</i> ). Discurso indirecto (informacións, ofrecementos, suxestións e ordes) e indirecto libre. Afirmación (sentenzas declarativas afirmativas; deslocación de constituíntes).				X
Te m a 2	B5.1	A entoación.	Unid ade 4	No v	12	
	B5.2	Xentilicios; o superlativo; os pronomes relativos. Expresión da decepción. Carta de reclamación.				
	B5.3	Biografía dun/dunha viaxeiro/a.				
	B5.4	Estrutura e vocabulario das cartas formais.				
	B5.5	Negación (sentenzas declarativas negativas con <i>nem; não/nem...</i> sequer; coisa nenhuma; apenas). Exclamación (formas elípticas: <i>Que +Subst. + (tão) + Adj.</i> , p. ex. <i>Que dia tão lindo!</i> ); sentenzas e sintagmas exclamativos, p. ex. <i>Ei, esta é a minha bicicleta!</i> ; <i>Magnífica bolsa!</i> . Exclamación con inversión, p. ex. <i>Un amor, essa criança!</i> ; sentenzas e sintagmas exclamativos, p.ex. <i>Puxa, está muito frio!</i> ; <i>oxalá sejam felizes!</i> ).				X

		B5.6	A correspondencia formal.				
2 a A v	Te m a 3	B5.1	Consoantes xordas e sonoras.	Unid ade 5	De cX an	16	X
		B5.2	Redacción dunha noticia e do guión dun programa. O condicional de cortesía. Expresión da opinión sobre o programa ou noticia.				
		B5.3	Medios de comunicación: prensa escrita, radio, tv e internet.				
		B5.4	A comprensión entre linguas próximas.				
		B5.5	Interrogación (sentenzas interrogativas directas totais; sentenzas interrogativas directas QU- (p. ex., <i>De quem é a culpa?</i> ); interrogativas <i>tag</i> (p. ex., <i>Isto é fácil, não é?</i> ); interrogativas eco e duplas). interrogativas enfáticas (p. ex. Onde é que vive?). Relacións temporais (assim que, até que, apenas, mal + Conxuntivo). Expresión do tempo: pasado ( <i>pretérito imperfeito, perfeito simples e perfeito composto e pretérito mais-que-perfeito composto, gerúndio composto</i> ); presente ( <i>presente, gerúndio</i> ); futuro ( <i>futuro simple e composto; (+Adv.); haver-de</i> ). Valores especiais: pasado (presente histórico, pretérito imperfeito, perfeito simples e perfeito composto e pretérito mais-que-perfeito simples e composto); futuro (futuro imperfeito (+Adv.), futuro perfeito do indicativo e condicional).				
		B5.6	Léxico relativo aos medios de comunicación en xeral.				
Te m a 4		B5.1	A nasalidade.	Unid ade 6	Fe b Ma rzo	20	
		B5.2	Expresar opinións, gustos e impresións sobre obras artísticas: cinema, teatro, pintura e literatura.				

		B5.3	Cinema portugués e brasileiro.				
		B5.4	Cinema dobrado e en versión orixinal.				
		B5.5	Expresión do aspecto: puntual (tempos simples); durativo (presente, futuro imperfeito e pretérito imperfeito do indicativo (+ Adv.); <i>andar a + Inf.; ir + Ger., ir / vir a + Inf.</i> ; sufixos de duração, p. ex. -ear, -ecer); habitual (tempos simples (+ Adv costumar+ Inf.); incoativo ( <i>desatar a + Inf.</i> );				

			iterativo ( <i>pretérito imperfecto do indicativo; voltar a + Inf.</i> ); terminativo (presente histórico, pretérito perfecto simple e composto, pretérito mais-que-perfeito composto e futuro perfecto do indicativo; <i>vir de + Inf.</i> ; chegar a + Inf.). Expresión da modalidade: factualidade (frases declarativas); capacidade ( <i>é capaz / incapaz de + Inf.; saber, poder com; conseguir + Inf.</i> ); posibilidade/probabilidade ( <i>ser possível / impossível + Inf.; tal vez; pode ser que + Conjuntivo.</i> , futuro imperfecto e perfecto); necesidade ( <i>ser preciso / necessário + Inf. Pessoal (+ que + Conjuntivo.)</i> , precisar de + Inf.); obrigación ( <i>ser obrigatório + Inf.; imperativo; ser obrigatório que + Conjuntivo</i> ); permiso ( <i>poder + Inf.; ser possível/permitido + Inf.</i> ); prohibición: (não) ser possível / permitido + Inf., ser proibido que); intención ( <i>pretérito imperfecto gostar de + Inf.; tratar de + Inf.; pensar + Inf.; querer que + Conjuntivo.</i> ; ir / haver de + Inf.)				
		B5.6	Léxico relativo ás artes e á cultura.				
3 a A v	Te m a 5	B5.1	Fenómenos fonéticos propios da oralidade e do contexto.	Uni- dad e 7	Ab ril	10	X
		B5.2	Expresión de opinións e debate sobre fontes de enerxía e ecoloxía en xeral. Expresión de hipótese.				
		B5.3	Transportes ecolóxicos.				
		B5.4	Biodiversidade. Animais e plantas endémicos.				
		B5.5	Expresión da existencia (p. ex., existir, dar-se faltar, acontecer); a entidade ( <i>substantivos contables /incontables/colectivos/compostos</i> ; pronomes ( <i>relativos, reflexivos átonos/ tónicos</i> ); determinantes; a calidade ( <i>por exemplo, bastante bom; consideravelmente caro; ótimo; azulado; útil para a dificultade em dormir</i> ). Expresión da cantidade (Singular/Plural; Numerais cardinais e ordinais. Cantidade: p. ex. <i>bastante, a maior parte de, mais ou menos</i> ; ao menos 20 persoas; perto de 30 km., duas veces no máximo; um monte de gente. Grao: p. ex. <i>consideravelmente; bastante bem; totalmente; tão de repente</i> ). Expresión do espazo (preposicións e adverbios de lugar, localización, distancia, movemento, orixe, dirección).				
		B5.6	Léxico relativo á ecoloxía, a acción humana sobre o medio ambiente e tipos de enerxía.				
Te m a 6		B5.1	A fonética francesa. Visión de conxunto.	Uni- dad e 8	ma io	12	
		B5.2	Estudos superiores; estancias de estudos; Formularios de matrículas; aloxamentos para estudantes.				
		B5.3	Os estudos en relación coas profesións tradicionais e as do futuro.				

	B5.4	O programas Erasmus.							X
	B5.5	<p>Expresión do tempo (expresións, preposición e locucións de tempo (momento puntual (p. ex., <i>meio-día</i>, daqui a uma semana, daqui a nada), divisións (p. ex., <i>período</i>, <i>fin de semana</i>, <i>prazo</i>, <i>estação seca</i>) e indicacións de tempo (p. ex., <i>atrás</i>, <i>cedo</i>, a 13 días do evento); duración (p. ex., <i>até</i>; <i>entre... e</i>; por todo o día; no período natalicio); anterioridade (<i>anteontem</i>, <i>já</i>, a última vez que, há bocado, <i>fazia pouco</i>); posterioridade (<i>mais tarde</i>, <i>na semana que vem</i>, dentro de alguns días, de hoje em diante, em breve); secuencia (<i>em primeiro lugar</i>, <i>depois</i>, <i>em último lugar</i>, para comezar, seguidamente, em conclusão); simultaneidade (<i>naquele momento</i>, no mesmo tempo que, atualmente); frecuencia (p. ex., <i>cada semana</i>, uma vez por día, regularmente).</p> <p>Expresión do modo (expresións, preposicións e locucións prepositivas e modo, p. ex. em excesso, ao gosto).</p>							
	B5.6	Léxico relativo aos estudos superiores e á vida de estudante.							

(\*) Segundo se recolle no DECRETO 86/2015, do 25 de xuño.

Relación de aspectos curriculares:

Todas as Avaliacións	UNIDADE DIDÁCTICA	Identificación dos estándares (*)	Estándares de aprendizaxe (*)	MÍNIMOS	Instrumentos de avaliación						Competencias clave	Temas transversais	
					Proba escrita	Proba oral	Traballo individual	Traballo grupo	Caderno	Observ. Clase			
Todas	SLTB1.1	Nas actividades de aula, persevera no seu proceso de comprensión, axustándoo ás necesidades da tarefa (de comprensión global, selectiva ou detallada) e mellorándoo, de ser o caso, facendo anticipacións do que segue (palabra, frase, resposta, etc.), e inferindo		X		X					X	CCL CAA CSC CCE C	EC CA



		o que non se comprende e o que non se coñece mediante os propios coñecementos e as experiencias doutras linguas.									
	S L E B 1. 2	Capta os puntos principais e os detalles salientables de mensaxes gravadas ou de viva voz, claramente articuladas, que conteñan instrucións, indicacións ou outra información, mesmo de tipo técnico, sempre que poida volver escoitar o dito ou pedir confirmación.	X		X				X	CCL CAA CSC CCE C CD	CA TIC
	S L E B 1. 3	Comprende, nunha conversa formal ou entrevista na que participa, información relevante e detalles sobre asuntos prácticos relativos a actividades educativas ou ocupacionais de carácter habitual e predicible (datos persoais, formación, gustos, intereses e expectativas ou plans de futuro), sempre que poida pedir que se lle repita, ou que se reformule, aclare ou elabore algo do que se dixo.	X		X				X	CCL CAA CSC CCE C	CA EC
	S L E B 1. 4	Entende o que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (por exemplo, en bancos, tendas, hotéis, restaurantes, transportes e centros docentes), ou menos habituais pero referidas a necesidades inmediatas en situacións de comunicacións comúns se pode pedir confirmación dalgúns detalles.			X				X	CCL CAA CSC CCE C	CA EC TIC
	S L E B 1. 5	Comprende, nunha conversa informal e sinxela na que participa, explicacións ou xustificacións básicas de puntos de vista e opinións, sobre diversos asuntos de interese persoal, cotiás ou menos habituais, articulados de maneira clara, así como a formulación de hipóteses, a expresión de sentimentos e a descrición de aspectos abstractos de temas como a música, o cine, a literatura ou os temas de actualidade, se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito.			X	X			X	CCL CAA CSC CCE C	CA EC
	S L E B 1. 6	Identifica, con apoio visual, as ideas principais e información relevante en presentacións ou charlas ben estruturadas e de exposición clara sobre temas coñecidos ou do seu interese relacionados co ámbito educativo ou ocupacional, e os aspectos máis			X				X	CCL CAA CSC CCE C CD	CA TIC

		significativos de noticias de televisión claramente articuladas, así como o esencial de anuncios publicitarios, series e películas ben estruturados e articulados con claridade, nunha variedade estándar da lingua e cando as imaxes faciliten a comprensión.									
S L E B 2. 1		Participa activamente en intercambios comunicativos na aula, utilizando a maioría das veces a lingua estranxeira, producindo mensaxes adecuadas ás situacións de comunicación reais ou simuladas, e colaborando para entender e facerse entender.			X	X	X		X	CCL CAA CSC CCE C	EO E CA EC
S L E B 2. 2		Fai presentacións breves, con certa fluidez, ben estruturadas, ensaiadas previamente e con apoio visual, sobre aspectos concretos de temas educativos ou ocupacionais do seu interese, organizando a información básica de maneira coherente, explicando as ideas principais brevemente e con claridade, e respondendo a preguntas sinxelas de oíntes articuladas de maneira clara e a velocidade media.			X	X			X	CCL CAA CSC CCE C	EO E CA EC
S L E B 2. 3		Participa adecuadamente en conversas informais cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, sobre asuntos cotiáns ou menos habituais, nas que intercambia información e se expresa e xustifica brevemente opinións e puntos de vista; narra e describe de forma coherente feitos ocorridos no pasado ou plans de futuro reais ou inventados; formula hipóteses; fai suxestións; pide e dá indicacións ou instrucións con certo detalle; expresa e xustifica sentimentos, e describe aspectos concretos e abstractos de temas como, por exemplo, a música, o cine, a literatura ou os temas de actualidade.			X	X	X		X	CCL CAA CSC CCE C CD	EO E CA EC TIC

S L E B 2.		Desenvólvese adecuadamente e utiliza estratexias de comunicación lingüísticas e xestos apropiados para facerse entender, en situacións cotiáns e menos habituais que poden xurdir durante unha viaxe ou			X					CCL CAA CSC CCE	EO E CA EC
------------------------	--	---	--	--	---	--	--	--	--	--------------------------	---------------------

		4	estadía noutros países por motivos persoais, educativos ou ocupacionais (transporte, aloxamento, comidas, compras, estudos, traballo, relacións coas autoridades, saúde e lecer), e sabe solicitar atención, información, axuda ou explicacións, e facer unha reclamación ou unha xestión formal de maneira sinxela pero correcta e adecuada ao contexto.						X	C		
		S L E B 2. 5	Toma parte en conversas formais, entrevistas e reunións de carácter educativo ou ocupacional, sobre temas habituais nestes contextos, intercambiando información pertinente sobre feitos concretos, pedindo e dando instrucións ou solucións a problemas prácticos, expondo os seus puntos de vista de maneira sinxela e con claridade, e razoando e explicando brevemente e de maneira coherente as súas accións, as súas opinións e os seus plans.						X	X	CCL CAA CSC CCE C CD	EO E CA TIC EC
		S L E B 3. 1	Localiza con facilidade información específica de carácter concreto en textos xornalísticos do xénero informativo, en calquera soporte, ben estruturados e de extensión media, tales como noticias glosadas; reconece ideas significativas de artigos divulgativos sinxelos, e identifica as conclusións principais en textos de carácter claramente argumentativo, adecuados ao seu nivel escolar, sempre que poida reler as seccións difíciles.							X	CCL CAA CSC CCE C	CL TIC
		S L E B 3. 2	Entende o sentido xeral, os puntos principais e información relevante de anuncios e comunicacións de carácter público, institucional ou corporativo claramente estruturados, relacionados con asuntos do seu interese persoal, educativo ou ocupacional (organización de grupos de traballo, información sobre actividades de formación específicas, etc.).	X							CCL CAA CSC CCE C CD	CL TIC
		S L E B 3. 3	Identifica información relevante en instrucións detalladas sobre o uso de aparellos, dispositivos ou programas informáticos, e sobre a realización de actividades e normas de seguridade ou de convivencia (por exemplo, nun evento cultural).							X	CCL CD	CL TIC EO E
		S	Identifica en lecturas adaptadas as liñas	X	X		X				CCL	CL

		L E B 3. 4	xerais do argumento, o carácter dos personaxes e as súas relacións, e as características do lugar e o tempo en que se desenvolven.									X	CSC CAA CCE C	EO E CA
--	--	------------------------	--	--	--	--	--	--	--	--	--	---	------------------------	---------------

	S L E B 3. 5	Comprende correspondencia persoal, en calquera soporte incluíndo foros en liña ou blogs, na que se describen con certo detalle feitos e experiencias, impresións e sentimentos; nas que se narran feitos e experiencias, reais ou imaxinarios, e se intercambian información, ideas e opinións sobre aspectos tanto abstractos como concretos de temas xerais, coñecidos ou do seu interese.							X				CCL CAA CD	CL TIC
	S L E B 3. 6	Entende o suficiente de cartas, faxes ou correos electrónicos de carácter formal, oficial ou institucional como para poder reaccionar en consecuencia (por exemplo, se se lle solicitan documentos para unha estada de estudos no estranxeiro).							X				CCL CCE C CD	CL TIC
	S L E B 3. 7	Entende información específica importante en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta (glosarios, dicionarios, enciclopedias e revistas) claramente estruturados, que conteñan mapas, fotografías, imaxes, vídeos ou animacións que axuden á comprensión sobre temas relativos a materias educativas ou asuntos ocupacionais relacionados coa súa especialidade ou cos seus intereses.	X						X				CCL CAA CSC CD	CL TIC
	S L E B 4. 1	Escrebe correspondencia persoal e participa en foros, blogs e chats nos que describe experiencias, impresións e sentimentos; narra, de xeito lineal e coherente, feitos relacionados co seu ámbito de interese, actividades e experiencias pasadas ou feitos imaxinarios, e intercambia información e ideas sobre temas concretos, sinalando os aspectos que lle parecen importantes e xustificando brevemente as súas opinións sobre eles.			X		X	X		X			CCL CSC CD	CL EO E CA TIC
	S L E B	Completa un cuestionario detallado con información persoal, educativa ou laboral (nivel de estudos, materias que cursa, preferencias, etc.), cunha finalidade			X		X			X			CCL CD CAA	EO E CA CL

	4.2	específica, como solicitar unha bolsa.						X	X		TIC
	SLEB 4.3	Escrebe notas, anuncios, mensaxes e comentarios breves, en calquera soporte, nos que solicita e transmite información e opinións sinxelas e nos que resalta os aspectos que lle resultan importantes, respectando as convencións e as normas de cortesía, tamén nas redes sociais.		X					X	CCL CAA CD	CL EO E CA TIC
	SLEB 4.4	Escrebe correspondencia formal básica, dirixida a institucións públicas ou privadas ou entidades comerciais, fundamentalmente destinada a pedir ou dar información, solicitar un servizo ou realizar unha reclamación ou outra xestión sinxela, respectando as convencións formais e as normas de cortesía usuais neste tipo de textos, cunha presentación limpa e ordenada do texto.		X					X	CCL CCE C CD CSC	EO E CA TIC
	SLEB 4.5	Escrebe, nun formato convencional, informes expositivos breves e sinxelos, atendendo á súa estrutura básica e particularidades sintáctico-discursivas elementais, nos que dá información esencial sobre un tema educativo, ocupacional ou menos habitual, describindo brevemente situacións, persoas, obxectos e lugares; narrando acontecementos nunha clara secuencia lineal, e explicando de maneira sinxela os motivos de certas accións.	X		X				X	CCL CCS C CD	EO E CA
	SLEB 5.1	Produce léxico e estruturas básicas intelixibles no oral e na escrita, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.), e utiliza con eficacia comunicativa patróns de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.	X		X				X	CCL CAA CCE C	EO E CA
	SLEB 5.2	Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito, e amosa respecto e interese polas diferenzas culturais que poidan existir, adecuando a súa produción ás convencións sociolingüísticas da lingua meta.	X			X	X		X	CCL CCE C CSC CAA	CL EO E CA
	SLE	Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en							X	CCL CCE C	EO E CA

B 5. 3	consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas.								CSC CAA	
S L E B 5. 4	Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.					X		X	CCL CCS C CCE C	CL EO E CA EC
S L E B 5. 5	Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información, organizar unha tarefa, etc.), utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, propios do seu nivel escolar, suficientes para comunicar con eficacia.		X		X	X		X	CCL CAA CCS C	EO E CA EC

(\*) Segundo se recolle no DECRETO 86/2015, do 25 de xuño.

## 5.- Metodoloxía

### 5.1.- Aspectos xerais e estratexias metodolóxicas.

A aprendizaxe dunha lingua supón adquirir os hábitos que conducen aos obxectivos propostos, partindo sempre da competencia inicial do alumnado e da súa diversidade.

Trátase de aumentar os coñecementos para ler, falar, entender e escribir nos diferentes niveis da lingua. Estas habilidades hai que adquirilas gradualmente incrementando o nivel de dificultade ao longo de todo o proceso educativo, e a través de métodos activos e combinando o traballo individual e cooperativo.

O/a alumno/a debe chegar a comprender a lingua común e poder facer fronte a unha serie de situacións da vida real (pedir unha información, un billete de tren, unha comida nun restaurante, etc.), usando, por tanto, un enfoque orientado á realización de tarefas e resolución de problemas.

Tamén hai que intentar que o alumnado fale coa pronunciación, o ritmo e a entoación adecuados. De igual maneira debe expresarse por oral e por escrito, dunha maneira comprensible, empregando estruturas portuguesas e sen traducir mentalmente.

Por suposto a aprendizaxe dunha lingua estranxeira debe ir acompañada de nocións de cultura e civilización do país e das xentes que falan esa lingua, reforzando así a personalidade e a formación do/a alumno/a.

Hai que asentar os coñecementos adquiridos anteriormente ao tempo que se adquiren novos elementos. Para conseguilo, hai que pasar por tres fases:

- Presentación dos elementos: significativo e significado, e a relación entre os dous.
- Explotación dos coñecementos novos adquiridos e a integración inmediata no corpus do xa coñecido.
- Fixación das principais estruturas gramaticais e lexicais.

### Presentación

Partindo dun texto, a poder ser un documento auténtico, chegarase á comprensión do contido lóxico e á obtención da repetición correcta dos modelos lingüisticamente propostos. O medio de logralo será a partir da repetición colectiva e individual alternativamente. No primeiro curso o máis importante e difícil é “espertar o oído”, acostumarse a oír un diálogo en francés corrente a unha velocidade normal. Unha vez entendido o grupo fónico hai que intentar que o/a alumno/a perda o medo a expresarse oralmente, a repetir o que acaba de oír.

### Explotación

Consiste no emprego dos elementos lingüísticos que se acaban de aprender e a súa utilización en contextos diferentes do proposto. Non se trata de presentar elementos lingüísticos sen máis, senón de utilizalos correctamente nunha variedade de contextos. Trátase de cambiar o contexto dentro dunha mesma estrutura.

### Fixación

É a última etapa e a máis importante. Recorrerase a todo tipo de exercicios estruturais: substitución, transformación, preguntas-repostas, oposición, sinónimos, etc, e mesmo indagación e investigación sobre outros documentos, orais e escritos, facilitados pola profesora ou buscados na rede.

Canto á pronuncia, non se trata tan só de aprender a fonética portuguesa, senón tamén de empregala coa entoación esixida. A entoación desempeña un papel moi importante, xa que pode mudar o significado dunha mesma frase.

O ditado é un excelente medio de controlar a comprensión do alumnado e debe conter palabras coñecidas. Os textos preparados deben ser curtos e sinxelos. A niveis máis avanzados, en bacharelato, é de grande axuda o recurso da redacción.

En canto ó léxico irá enriquecéndose pouco a pouco. Nos primeiros cursos será sinxelo, accesible, concreto e familiar. Os textos elixidos serán sacados da vida corrente de todos os días, situacións coñecidas polos/as alumnos/as : unha chamada telefónica, unha comida nun restaurante, vacacións na praia...

En bacharelato pásase a un vocabulario máis abstracto, iniciando aos/ás alumnos/as en textos literarios, tamén no estudo de xiros idiomáticos que lles poidan permitir, por exemplo, entender un programa de radio.

A gramática da lingua non é un obxectivo en si mesmo, senón que estará ao servizo da aprendizaxe por competencias.

## **5.2.- Outras decisións metodolóxicas.**

En canto a materiais, e dado que non existen materiais pensados para ESO e Bacharelato, usarase o libro de texto “Na onda do portugués” para 1º e 2º de ESO. Non resto dos cursos non se marca libro obrigatorio. Traballarase en base á rede e a fotocopias de diverso material. Empregaranse tamén libros de lectura adaptados ao nivel escolar.

Intentarase facer unha viaxe para inmersión lingüística cada ano académico, e asistirase, tamén na medida das posibilidades, a unha obra de teatro ou musical.

## **6.- Avaliación**

### **6.1.- Procedemento de avaliación inicial.**

Nas dúas primeiras semanas do curso, avaliarase, a través do traballo de aula, o nivel individual e de grupo de coñecemento da lingua portuguesa. En base aos resultados, tomaranse as decisións oportunas con respecto ás pautas didácticas a seguir no curso.

### **6.2.- Procedementos de avaliación continua na ESO.**



A **avaliación** do alumnado deberá ser **continua**, nun proceso no que a súa propia participación (a autoavaliación) terá un papel importante. Atenderase ao desenvolvemento de capacidades e ao esforzo e traballo individual e colectivo desenvolvido, así como á consecución dos obxectivos propostos.

Os procedementos de avaliación estarán en relación co logro da competencia comunicativa e o desenvolvemento e consecución das catro destrezas (comprensión e produción orais e comprensión e produción escritas), así como a reflexión sobre a lingua e os aspectos socioculturais. Nestes niveis de debutantes a avaliación formativa debe ser prioritaria. De todos os xeitos, dado que no contexto escolar é necesaria unha avaliación sumativa, establecemos os seguintes criterios:

- A **expresión oral** avaliarase na actividade de aula, nas interrelacións cos compañeiros e compañeiras e coa profesora. Pode tamén establecerse unha proba específica individual, atendendo aos obxectivos de cada unidade: saber presentarse, dicir onde se vive, falar da familia, etc, na que se avaliará a corrección formal, a pronunciación, a soltura; en resume, a capacidade de que a mensaxe se transmita correctamente.
- A **comprensión oral** avaliarase cunha proba de escoita ou na actividade de aula, tratando de comprobar a comprensión sobre os temas das unidades: relacionar datos e imaxes, completar cadros verdadeiro-falso, situar obxectos no espacio, identificar obxectos ou imaxes, identificar e saber responder ás mensaxes da profesora ou dos compañeiros/as.
- A **comprensión escrita** avaliarase tamén con exercicios adecuados a cada nivel: descubrir erros, completar imaxes, sinalar persoas ou obxectos a partir do texto, ordenar diálogos, datos, etc.
- A **expresión escrita** avaliarase con exercicios a través dun modelo (enquisa, pregunta-resposta, fichas,...), redacción de textos sinxelos (descricións, cartas ou correos electrónicos,...), adecuados a cada nivel.
- A **reflexión sobre a lingua** avaliarase tamén con exercicios de pregunta-resposta, encher ocos, separar palabras, completar frases a partir de imaxes, etc.

Nos cursos da ESO a avaliación da **comprensión e expresión escrita**, así como da **gramática**, realizarase en **probos escritos sobre o contido das unidades e o explicado na clase**, e a **comprensión e expresión oral** avaliaranse preferentemente na **actividade de aula** (aínda que se poda completar a avaliación da comprensión cunha proba específica).

**A expresión e comprensión escrita *presentará un 40 % da nota*; a expresión e comprensión oral, outro 40%; a reflexión sobre a lingua e os aspectos socioculturais, un 10%, e o traballo de aula e a actitude, o restante 10%.**

No apartado de traballo de aula e actitude terase en conta o seguinte:

- Atende ás explicacións e outras actividades (vídeos, cancións, noticiarios...)
- Cumpre coas normas básicas de convivencia (pedir permiso para falar, respectar os turnos de palabra, traer e coidar o material escolar...)
- Participa axeitadamente na aprendizaxe, tanto individual como de grupo, ao tempo que garda, de forma ordenada, o traballo feito (caderno e fichas)

Á hora de calcular a **nota da avaliación, redondearase á alza en base ao apartado de traballo de aula.**

**A avaliación será continua, polo que, en caso de aprobar as tres avaliacións, a cualificación final será a de aprobado,** valorando así a progresión positiva do alumnado ao longo do curso. Para aprobar o curso é necesario obter unha **nota superior ou igual a 5/10 e ter realizado as probas ou exames de expresión e comprensión (oral e escrita).**

#### **Avaliación final.**

No caso de non ter superado a materia, poderanse realizar actividades de recuperación personalizadas para os alumnos que teñan pendentes algunhas partes. Ditas actividades faranse durante o período lectivo entre a terceira avaliación e a avaliación final.

#### **Avaliación de pendentes.**

Para a recuperación da materia pendente, os contidos que se avaliarán son os que se sinalan para cada nivel e materia como "Contidos mínimos".

En canto á metodoloxía de traballo e aos instrumentos de avaliación, procurarase un seguimento o máis detallado e individualizado posible de cada alumno/a. Os criterios de avaliación serán os especificados no apartado correspondente de cada materia.

O alumnado que teña pendente Lingua Estranxeira Portugués e non está matriculado da materia no curso seguinte, **recibirá periódicamente diversos materiais** para ir traballando ao longo do curso. Estes traballos serán entregados á profesora responsábel e, a través deles, comprobarase o progreso. Os ditos materiais consistirán en exercicios de reforzo, de ampliación, en realización de fichas de léxico e outras tarefas como descrições e redaccións. Estas actividades valoraranse sempre tendo en conta o interese, o progreso e esforzo persoal, e a entrega dos traballos cumprindo o prazo.

Ademais de todo isto, **realizará tres probas** nas datas que se establezan. Estas probas serán orais e escritas.

O alumnado coa materia pendente e matriculado no nivel seguinte será avaliado simultaneamente nos dous niveis, dado o carácter progresivo da adquisición das linguas.

Por iso, o traballo e os avances que o alumnado realice no curso no que está matriculado serán o método de avaliación.

### **Metodoloxía e actividades para o período comprendido entre a 3ª avaliación e a avaliación final**

Dado o carácter progresivo de adquisición das linguas anteriormente mencionado, as actividades a realizar durante este período serán do mesmo tipo que as realizadas durante o resto do curso escolar, tentando reforzar os contidos nos que se detectaran maiores dificultades ao longo do mesmo, podendo facer dous tipos de actividades diferentes para os alumnos coa materia aprobada e os alumnos coa materia pendente.

### **6.3. Procedementos de avaliación no Bacharelato.**

Avaliaremos as catro competencias e o dominio de gramática-reflexión sobre a lingua.

A avaliación da **comprensión e expresión escrita** así como a da **competencia lingüística** efectuaráse mediante probas escritas.

A **comprensión oral** efectuarase mediante unha proba audio de comprensión.

A **expresión oral** será avaliada na clase, nas interrelacións cos compañeiros/as e profesora e mediante unha tarefa concreta.

**A comprensión e produción escrita representarán un 40% da nota; a produción e comprensión oral, 40%, e a reflexión sobre a lingua e os aspectos socioculturais, o outro 20%.**

Á hora de calcular a **nota media da avaliación**, **redondearase á alza** sempre que haxa unha valoración positiva do traballo de aula.

#### **Avaliación ordinaria.**

Para aprobar o curso é necesario obter unha **nota superior ou igual a 5/10, e ter realizado as probas ou exames de expresión e comprensión (oral e escrita).**

#### **Avaliación extraordinaria.**

No caso de non superar a materia na avaliación ordinaria, deberán presentarse á proba extraordinaria, na que deberán examinarse da materia programada na súa totalidade.

A proba será escrita e oral, e valorada sobre 10, repartidos da seguinte maneira: 40% oral; 40% escrito, e 20% os aspectos socioculturais e reflexión sobre a lingua.

### **Avaliación de pendentes.**

Para a recuperación da materia pendente, os contidos que se avaliarán son os que se sinalan para cada nivel e materia como “Contidos mínimos”.

O alumnado de 2º de bacharelato coa materia de primeiro pendente realizará **tres probas** nas datas que se establezan. Estas probas serán orais e escritas e valoraranse sobre 10 puntos.

### **Continuidade entre materias de bacharelato.**

O alumnado matriculado en *Segunda Lingua Estranxeira II* e que non teña cursado *Segunda Lingua Estranxeira I* optará por cursar simultaneamente as materias de primeiro e de segundo, tratando a de primeiro como pendente, ou por demostrar, mediante proba, que reúne as condicións para poder seguir con aproveitamento a materia de segundo curso. Esta proba realizarase nos primeiros 15 días lectivos.

### **Metodoloxía e actividades para o período comprendido entre a avaliación final ordinaria e remate do período lectivo en 1º BAC**

As actividades a realizar durante este período serán do mesmo tipo que as realizadas durante o resto do curso escolar, tentando reforzar os contidos nos que se detectaran maiores dificultades ao longo do mesmo e podendo facer dous tipos de actividades diferentes para os alumnos coa materia aprobada e os alumnos coa materia pendente.

### **Metodoloxía e actividades para o período comprendido entre a avaliación final ordinaria e remate do período lectivo en 2º BAC**

Preparación das probas da ABAU e, no caso de haber alumnos coa materia pendente, repaso dos contidos máis relevantes de cara á superación das probas extraordinarias.

## 6.4. Instrumentos de avaliación.

Cada trimestre realizaranse na aula **probos obxectivos** de cada unidade que conteñan os obxectivos e contidos mínimos establecidos.

Faranse **controis** na clase de léxico, verbos, fichas de comprensión, ditados, pronunciación-lectura...

Realizaranse **tarefas na casa**: traballos, actividades de redaccións (escribir unha carta ou un correo electrónico...), de descrición, exercicios de ampliación,... que serán valorados de xeito positivo.

Tomarase en conta a **actitude do/a alumno/a**: a iniciativa e o interese, a participación, a capacidade de traballo en grupo, os hábitos de traballo, o cumprimento das tarefas e os prazos.

A **nota final** de cada avaliación será o resultado de todas as notas obtidas nos seguintes procedementos:

- O traballo persoal do alumno, valorando sempre o progreso e o esforzo.
  - A asistencia a clase co material requirido e boa disposición.
  - A participación activa e unha actitude correcta en clase servirán para medir a expresión e comprensión oral.
- As probas escritas e orais que se realicen ao longo da avaliación.

## 7.- Outras avaliacións

### 7.1.- Avaliación da proceso de ensino e de práctica docente.

<b>Proceso de ensino:</b>	1	2	3	4
1.- O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado?				
2.- Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe?				
3.- Conseguiuse motivar para conseguir a súa actividade intelectual e física?				
4.- Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado?				
5.- Contouse co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado?				
6.- Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado?				
7.- Tomouse algunha medida curricular para atender al alumnado con NEAE?				
8- Tomouse algunha medida organizativa para atender al alumnado con NEAE?				

9.- Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado?				
10.- Usáronse distintos instrumentos de avaliación?				
11.- Dáse un peso real á observación do traballo na aula?				
12.- Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo?				

<b>Práctica docente:</b>	1	2	3	4
1.- Como norma xeral fanase explicacións xerais para todo o alumnado				
2.- Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa?				
3.- Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade				
4.- Elabóranse probas de avaliación de distinta dificultade para os alumnos con NEAE?				
5.- Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar?				
6.- Intercálase o traballo individual e en equipo?				
5.- Poténcianse estratexias de animación á lectura e de comprensión e expresión oral?				
6.- Incorporáanse ás TIC aos procesos de ensino - aprendizaxe				
7.- Préstase atención aos temas transversais vinculados a cada estándar?				
8.- Ofrécese ao alumnado de forma inmediata os resultados das probas/exames,etc?				
9.- Coméntase co alumnado os fallos máis significativos das probas /exames, etc?				
10.- Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus fallos?				
11.- Cal é o grao de implicación nas funcións de tutoría e orientación do profesorado?				
12.- Realizáronse as ACS propostas e aprobadas?				
13.- As medidas de apoio, reforzo, etc establécense vinculadas aos estándares				
14.- Avalíase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación,.. ?				

## 7.2.- Avaliación da programación didáctica.

### Mecanismo de revisión

Ao final de cada avaliación, revisarase a programación didáctica, co obxectivo de comprobar a temporalización e reprogramar en caso de desfase.

<b>Mecanismo avaliación e modificación de programación didáctica:</b>	1	2	3	4
1.- Deseñáronse unidades didácticas ou temas a partir dos elementos do currículo?				
2.- Secuenciáronse e temporalizáronse as unidades didácticas/temas/proxectos?				
3.- O desenvolvemento da programación respondeu á secunciación e temporalización?				
4.- Engadiuse algún contido non previsto á programación?				
5.- Foi necesario eliminar algún aspecto da programación prevista?				
6.- Secuenciáronse os estándares para cada unha das unidades/temas				
7.- Fixouse un grao mínimo de consecución de cada estándar para superar a materia?				
8.- Asígnouse a cada estándar o peso correspondente na cualificación ?				
9.- Vinculouse cada estándar a un/varios instrumentos para a súa avaliación?				
10.- Asociouse con cada estándar os temas transversais a desenvolver?				
11.- Fixouse a estratexia metodolóxica común para todo o departamento?				

12.- Estableceuse a secuencia habitual de traballo na aula?				
13.- Son adecuados os materiais didácticos utilizados?				
14.- O libro de texto é adecuado, atractivo e de fácil manipulación para o alumnado?				
15.- Deseñouse un plan de avaliación inicial fixando as consecuencias da mesma?				
16.- Elaborouse unha proba de avaliación inicial a partir dos estándares?				
17.- Fixouse para o bacharelato un procedementos de acreditación de coñecementos previos?				
18.- Establecéronse pautas xerais para a avaliación continua: probas, exames, etc.				
19.- Establecéronse criterios para a recuperación dun exame e dunha avaliación				
20.- Fixáronse criterios para a avaliación final?				
21.- Establecéronse criterios para a avaliación extraordinaria?				
22.- Establecéronse criterios para o seguimento de materias pendentes?				
23.- Fixáronse criterios para a avaliación desas materias pendentes?				
24.- Elaboráronse os exames tendo en conta o valor de cada estándar?				
25.- Definíronse programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares?				
26.- Leváronse a cabo as medidas específicas de atención ao alumnado con NEE?				
27.- Leváronse a cabo as actividades complementarias e extraescolares previstas?				
28.- Informouse ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos?				
29.- Informouse ás familias sobre os criterios de promoción? (Artº 21º, 5 do D.86/15)				
30.- Seguiuse e revisouse a programación ao longo do curso				
31.- Contribuíuse desde a materia ao plan de lectura do centro?				
32.- Usáronse as TIC no desenvolvemento da materia?				

Observacións:

## 8.- Atención á diversidade

O alumnado de lingua estranxeira, en xeral, presenta unha gran diversidade de características (intereses, motivacións, capacidades e estilos de aprendizaxe) que hai que atender.

Desde o momento en que os alumnos/as optaron pola SLE, xa se está tendo en conta a diversidade dos seus intereses. A opcionalidade queda así suscitada, desde a súa orixe, como un espazo educativo onde prima unha formulación curricular aberta e flexible, e será a profesora quen interprete os diversos contidos, de acordo coa realidade das características persoais e grupais que caracterizan os alumnos/as do grupo co que se está traballando.

Esta atención á diversidade debe aplicarse ao longo de todo o proceso educativo dun xeito efectivo e eficaz:

**-Nun primeiro momento do proceso**, facendo que cada alumno/a parta dos seus propios coñecementos e capacidades, consciente de que os seus avances no proceso serán valorados, en todo momento, tomando como referencia os seus coñecementos previos, sen esquecer que forma parte dun grupo.

**-Nas diferentes fases do proceso**, estimulando, corrixindo e valorando a cada alumno/a, avaliando, á súa vez, a eficacia constatada dos materiais e metodoloxías empregados.

**-Ao final do curso académico**, considerando os progresos alcanzados polo alumno/a con respecto ao seu propio punto de partida individual, máis que con referencia aos parámetros obxectivos da perspectiva grupal en xeral.

Polo que respecta ás medidas de atención á diversidade reguladas legalmente e das que dispón este centro, na materia de segunda lingua estranxeira, este curso, levamos a cabo as seguintes:

- En caso de existir alumnado con dificultades de aprendizaxe, deseñaranse estratexias e actividades que lle axuden a acadar os obxectivos mínimos.
- En caso de existir alumnado con coñecementos elevados da segunda lingua estranxeira, por ter residido no país onde se fala, aproveitarase esa circunstancia para servir de modelo ao grupo no seu conxunto.

## **9.- Actividades complementarias e extraescolares**

Intentarase facer unha viaxe para inmersión lingüística cada ano académico, e asistirase, tamén na medida das posibilidades, a unha obra de teatro ou musical.